



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GRAO EN ENFERMARÍA

REGULAMENTO DO TRABALLO FIN DE GRAO



INDICE

	<u>Páxina</u>
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS	3
1. OBXECTIVOS E ÁMBITO DE APPLICACIÓN	3
2. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DO TFG	3
3. DIRECCIÓN ACADÉMICA DO TFG	4
4. OFERTA DE TEMAS E TIPOS DE TRABALLO	4
5. TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN	6
6. CONVOCATORIAS E OPORTUNIDADES	6
7. PRESENTACIÓN E DEFENSA DOS TFG	6
7. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓNS	8
8. MATRICULA , CALENDARIO ACADÉMICO E ACTAS	9
9. CONSULTA E PUBLICACIÓN DOS TFG	9
10. ANEXOS	
ANEXO I: SOLICITUDE DE ASIGNACIÓN DE TEMA E TITOR/A ...	10-11
ANEXO II: FOLLA DOCUMENTACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO	12-13
ANEXO III: PORTADA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO	14-15
ANEXO IV: ACTA DA DEFENSA E AVALIACIÓN	16 -17
ANEXO V: INSTRUCCIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO TFG	18 -21

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Real decreto 1393/2007 establece no artigo 12.3, situado no capítulo 3, que se dedica ás ensinanzas oficiais de grao, que «estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa dun traballo de fin de grao (TFG)».

No artigo 12.7 engádese que «o traballo de fin de grao terá entre 6 e 30 créditos, deberá realizarse na fase final do plan de estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao título», sen se recoller ningunha outra disposición sobre o proceso de elaboración e avaliación que, en consecuencia e no exercicio da súa autonomía, deberá ser regulado por cada universidade.

En cada plan de estudos, coa supervisión académica do centro correspondente, establecerase a forma de realización, a titorización e os procedementos de avaliación do dito traballo, que deberá orientarse á avaliación das competencias asociadas ao título.»

1. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1. Este regulamento contén as directrices relativas á definición, realización, defensa, cualificación e tramitación administrativa dos TFG marcados no plan de estudos de Graduado en Enfermaría que se imparten neste centro, de acordo coas *Directrices para a elaboración de regulamentos relativos ao traballo de fin de grao nos graos da UDC*, aprobadas polo Consello de Goberno de 22 de xullo de 2011.

1.2. O contido deste regulamento complétase co resto de normativas, regulamentacións e procedementos da UDC que se atoparen en vigor e que se referiren, entre outros aspectos, a matrícula, defensa, ao sistema de avaliación, ao recoñecemento e á transferencia de créditos, así como á mobilidade de estudantes.

1.3. A Comisión de Organización Académica será o órgano encargado de xestionar todo o proceso relativo aos TFG e asegurar a aplicación deste regulamento segundo o acordado na Xunta de Escola.

1.4. O TFG consta de 6 créditos que se realizarán no segundo cuatrimestre do cuarto curso. Polo tanto, estes estudos concluirán coa elaboración e defensa do Traballo de Fin de Grao que estará orientado á avaliación das competencias asociadas ao título, tal como prevé a ORDEN CIN/2134/2008 polo que se establecen os requisitos para a verificación dos títulos universitarios oficiais que habilitan para o exercicio da profesión de Enfermeira/o.

2. NATUREZA E CARACTERÍSTICAS DO TFG.

2.1 O Traballo de Fin de Grao consiste na realización por parte do alumnado dun traballo individual tutelado no que se apliquen e desenvolvan os coñecementos e habilidades adquiridos durante o período de docencia do Grao en Enfermaría.

2.2. O TFG estará orientado á adquisición das seguintes competencias:

- Capacidade para integrar os coñecementos, habilidades e actitudes adquiridas.
- Capacidade para utilizar as mellores evidencias científicas.
- Capacidade para contribuír a investigación nos cuidados de Enfermaría.
- Capacidade para profundar nas temáticas de interese.
- Capacidade para formular, deseñar e xestionar proxectos.

2.3. Para a defensa e avaliación do TFG o estudantado debe ter superado o resto dos créditos do título.

2.4. O TFG non ten a natureza dun traballo investigador. Con todo, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, se for o caso, corresponderá a quen o realizar segundo queda recollido no apartado h) do artigo 8 do RD 1791/2010 do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario salvo que se establecer doutra maneira no documento de asignación do TFG que cada estudante debe asinar, nos termos e coas condicións previstas na lexislación vixente.

2.5. O tema de que for obxecto o TFG, tanto no seu nivel como na súa extensión e os seus obxectivos, deberá posibilitar que o/a estudante o realice no número de horas equivalentes aos 6 créditos ETCS asignados a este traballo no plan de estudos.

3. DIRECCIÓN ACADÉMICA DO TFG

3.1. O TFG será dirixido por un membro do profesorado da Escola con docencia no plano de estudos do título de grao.

Tal profesor/a será responsable de:

- a) Expoñerlle ao estudantado, cuxa titoría exerza, as características do traballo e orientalo no seu desenvolvemento.
- b) Realizar o seguimento da elaboración do TFG e velar polo cumprimento dos obxectivos fixados.
- c) Autorizar a presentación e defensa do TFG.

3.2. O TFG poderá ser dirixido por un máximo de dúas persoas. Neste caso, cando menos unha delas deberá ser un membro do profesorado. Se os estudantes teñen que desenvolver parte do TFG ou a súa totalidade nas institucións onde realizan as prácticas clínicas, unha das persoas que dirixa o traballo poderá pertencer a esa entidade, co fin de que colabore na definición e o desenvolvemento do TFG.

4. OFERTA DE TEMAS DOS TFG E TIPOS DE TRABALLOS

4.1. Os temas ou as liñas dos TFG, deberán adscribirse á/s liñas establecidas na memoria do Título de Grao, debendo optar entre os seguintes campos temáticos:

Bloque I.- Práctica profesional, ética e legal.

Bloque II.- Educación e bases teóricas e metodolóxicas da Enfermaría.

Bloque III.- Prestación e xestión de cuidados de enfermaría nos distintos ámbitos da práctica.

Bloque IV.- Comunicación terapéutica e relacións interpersoais

O estudantado poderá propoñerlle ao Centro temas ou liñas para que sexan incorporadas na súa oferta.



4.2. A Comisión de Organización Académica aprobará e fará pública unha listaxe cos temas así como co número de estudantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación.

4.3. Unha vez finalizados os pasos anteriores, o estudantado, no prazo que o centro establecer, solicitará a asignación por orde de preferencia dun número mínimo de tres temas ou liñas (Anexo I, debora presentarse mecanografiado).

A comisión preparará unha proposta de asignación provisional, na que intentará respectar as opcións manifestadas polo estudantado e o profesorado implicado, baixo o principio de igualdade, mérito e capacidade. **Para dirimir as prioridades na elección de tema ou titor/a valorarase como criterio o expediente académico.**

4.4. Coa publicación da proposta provisional establecerase un período de reclamacións. Resoltas estas, a Comisión de Organización Académica publicará unha listaxe definitiva. Calquera modificación posterior terá que efectuarse de común acordo entre o alumnado e o profesorado afectado, e en calquera caso, sempre que a Comisión o autorizar.

4.5. O TFG en enfermaría está asignado no plan de estudos ao segundo cuatrimestre. Se o alumnado realizase a matrícula no período ordinario, o prazo límite para lle remitir ao centro os temas e directores que se indican na epígrafe 4.2, é o 30 de setembro. O prazo límite para publicar a listaxe da epígrafe 4.3 é o 30 de outubro. O procedemento completo deberá estar rematado antes do 30 de novembro.

Se o alumnado se matricula no período de ampliación da matrícula, no mes de febreiro, os procedementos establecidos nas epígrafes 4.2, 4.3 e 4.4 deberán estar finalizados antes do 30 de marzo.

4.6. Os estudantes poderán elixir entre os seguintes tipos de traballos:

- **Traballo de revisión bibliográfica.**
Permite aos estudantes identificar, analizar e resumir a literatura existente para determinar o coñecemento actual sobre un tema, área ou problema.
- **Deseño proxecto de investigación.**
Permite aos estudantes realizar o deseño dun estudo co obxectivo de definir coidadosamente cada unha das partes que debe conter un traballo científico.
- **Traballos de investigación.**
Permite aos estudantes explorar, describir e analizar fenómenos relacionados coa actividade profesional.
- **Estudio de caso.**
Permite aos estudantes realizar a análise minuciosa dun caso para comprender en profundidade o problema de estudo.



5. TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN

5.1. A Comisión de Organización Académica da Titulación de Enfermaría seleccionará de entre todos os docentes dos estudos de Enfermaría, aos membros de cada tribunal avaliador así como, os estudantes asignados a cada un dos tribunais.

5.2. Cada tribunal estará formado por tres profesores/as que exercerán como presidente, secretario/a, vogal e suplente. O/a titor/a do TFG non poderá formar parte do tribunal.

5.3. A Comisión de Organización Académica establecerá as datas para a defensa dos TFG, dentro do período que para cada curso conste no calendario académico da UDC.

5.4. Secretaría Académica será a encargada de publicar, segundo o acordado pola Comisión, o lugar, data, horario da convocatoria e a lista de estudantes a defender o seu traballo. Esta publicación farase cunha antelación mínima de 5 días naturais á defensa.

6. CONVOCATORIAS E OPORTUNIDADES.

6.1. Para a súa defensa e avaliación, o estudante disporá dunha convocatoria con dúas oportunidades en cada curso académico, tendo en conta que a consideración de “Non Presentado” (NP) non esgota oportunidades, agás no caso de adiamento de oportunidades. (previsto no apartado 5 do artigo 19.º das Normas de avaliación, revisión e reclamacións das cualificacións dos estudos de Grao e Mestrado Universitario. se repite)

A primeira oportunidade de defensa e avaliación dos TFG realizarase nos meses de xuño/xullo, nas datas que estableza o Centro de acordo ó período establecido no calendario académico da UDC.

A segunda oportunidade de defensa e avaliación realizarase nos meses de xullo/ setembro nas datas que estableza o Centro de acordo ó período establecido no calendario académico da UDC.

6.2. De forma excepcional e sempre que **o estudante non teña pendente máis que a superación do TFG para rematar os seus estudos**, poderá defendelo no período establecido para a primeira oportunidade das probas de avaliación das materias do 1º cuadrimestre.

Aquel estudante que non supere a defensa do TFG na referida oportunidade, poderá utilizar como **segunda oportunidade**, ao seu criterio, **tan só unha** das establecidas, nese mesmo curso académico (xuño/xullo ou xullo/ setembro).

7. PRESENTACIÓN E DEFENSA DOS TFG

7.1. Para optar a defensa e avaliación de TFG o estudante deberá presentar na secretaria da Escola a documentación que se especifica a continuación nas seguintes datas segundo a oportunidade a utilizar.

1ª Oportunidade (xuño/ xullo) a data límite de entrega será o día de remate do período de avaliación para a primeira oportunidade segundo o establecido no calendario académico da UDC .



2ª Oportunidade (xullo/setembro) a data límite de entrega será o día de remate do período de avaliación para a segunda oportunidade segundo o establecido no calendario académico da UDC.

Oportunidade excepcional (xaneiro) para os estudantes que só teñan pendentes o TFG, a data límite de entrega será o día de remate do período de avaliación para a primeira oportunidade segundo o establecido no calendario académico da UDC.

A documentación a entregar é:

- a. Folla de Documentación do Traballo Fin de Grao. Realizarase cumprimentando o Anexo II, debera presentarse mecanografiado, unha copia en formato papel asinada e unha copia por correo electrónico a secretaria da Escola (euenfjc@udc.es). O resumo do traballo pode presentarse en calquera dos idiomas utilizados.
- b. Tres exemplares do traballo finalizado (un por cada membro da comisión) en versión escrita e unha en versión electrónica, nos que conste o visto bo do titor, e dentro do prazo establecido pola Secretaría Académica da Escola de Enfermaría da Coruña. O traballo poderá estar redactado en galego ou en castelán.

7.2. Para poder realizar a defensa do traballo e necesario que o estudante faga a solicitude a través da Secretaría Virtual, na que indicará o momento de defensa elixido. Unha vez rexistrada a solicitude deberá entregar a copia do resgardo na secretaria da Escola.

Esta entrega realizarse nos dous días hábiles seguintes a data límite de sinatura e entrega de actas correspondentes á avaliación dos tres períodos segundo o establecido no calendario académico da UDC .

Rematado o prazo de entrega, a Administración do Centro remitirá a documentación que proceda a cada un dos membros do tribunal de avaliación.

7.3. Instrucións relativas á presentación dos TFG.

- Os traballos contarán cunha extensión mínima de 15 páxinas e un máximo de 50 páxinas, (incluídos ANEXOS) en formato A-4. O tamaño da letra será uniforme en todo o texto (Arial 12 puntos) e o interliñado utilizado será de 1,5.
- As marxes axustaranse ás seguintes dimensións: superiores e inferiores de 3 cm., lateral esquerdo de 4 cm. e lateral dereito de 3 cm.
- O texto debe estar paxinado na marxe inferior.
- No pé de paxina debe incluírse o título do traballo, que non ocupará mais dunha liña. En caso de títulos longos que ocupen mais dunha liña, incluírase un título abreviado.
- A impresión do documento realizarase a dobre cara.

- O documento do Traballo de Fin de Grado incluírá obrigatoriamente:
 - Portada do Traballo de Fin de Grado. Realizarase cumprimentando o Anexo III (portada do Traballo de Fin de Grao)
 - Índice. En folia aparte especificarase os títulos e subtítulos que iran numerados na marxe esquerda, e paxinados na dereita.
 - Resumo: Estará redactado en galego, castelán e inglés.

O documento tamén poderá incluír:

- Figuras. Serán citadas no texto e a súa inclusión debe estar plenamente xustificada. Cada figura irá numerada na orde de citación no texto e acompañada dun pé de figura no que se explique brevemente o que se pretende ilustrar.
- Táboas. Ó igual que as figuras, citaranse no texto e a súa inclusión debe estar plenamente xustificada. Cada táboa irá numerada, independentemente das figuras, na orde de citación no texto e acompañarase dun breve título ilustrativo.
- Abreviaturas. Deben especificarse só a primeira vez que se utilizan no texto.

Non se establece ningún formato específico para a encadernación, aínda que non se aceptarán traballos simplemente grampados ou en páxinas soltas.

7.4. O estudantado defenderá os seus TFG pública e presencialmente. No caso de que a/o estudante solicite de forma motivada e acreditada defender o TFG de forma non presencial, cumprirá que o faga ante a Comisión de Organización Académica, para a súa autorización. Isto sempre de se daren as condicións legais, técnicas, administrativas e económicas que o permitiren.

7.5. A realización, presentación e defensa dos TFG poderán efectuarse en calquera dos idiomas empregados no proceso formativo, de acordo co disposto na memoria de verificación do título.

7.6. Cada estudante disporá dun tempo máximo de 10 minutos, no que exporá os aspectos máis relevantes da actividade realizada. Poderá axudarse dos medios informáticos e audiovisuais que estime pertinentes.

Con posterioridade terá que atender as preguntas, as aclaracións, os comentarios e as suxestións que puideren formularlle os membros do tribunal de avaliación.

7.7. O plaxio total ou parcial do traballo considerarase unha falta grave.

8. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

8.1. Unha vez realizada a exposición do/a estudante, o tribunal deliberará sobre a cualificación que lle corresponde. Aplicaranse os criterios de avaliación da guía docente e o disposto na memoria de verificación do título.

Para a cualificación final establecerase a media aritmética das cualificacións asignadas ao TFG por cada un dos membros do tribunal. O Secretario do Tribunal cumprimentará e asinará a correspondente Acta de Cualificación, que se fará pública antes de que transcorran 72 horas dende a defensa do traballo.



8.2. A cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/2003, de 0 a 10, con expresión dun decimal, terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

- a) 0-4,9 suspenso
- b) 5,0-6,9 aprobado
- c) 7,0-8,9 notable
- d) 9,0-10 sobresaliente

8.3. Poderá acceder á mención de matrícula de honra o estudantado que obtiver unha cualificación igual ou superior a 9,0 puntos, segundo o criterio do tribunal avaliador.

8.4. No caso de o/a estudante obter a cualificación de suspenso, o tribunal faralle chegar un informe coas recomendacións oportunas para a mellora do traballo e a súa posterior avaliación. Enviaráselle(s) unha copia deste informe á(s) persoa(s) que dirixiron o TFG.

8.5. A revisión e/ou reclamación das cualificacións finais dos TFG levaranse a cabo de conformidade co previsto na normativa da UDC.

9. MATRÍCULA, CALENDARIO ACADÉMICO E ACTAS

9.1. A matrícula dos TFG realizarase dentro do prazo xeral de matrícula establecido pola UDC, ou no período de ampliación da matrícula se o/a alumno/a reúne os requisitos para poder realizar esta modalidade de matrícula, mediante o aboamento dos prezos públicos que corresponderen aos 6 créditos asignados ao TFG.

9.2 Para formalizar a matrícula do TFG, os estudantes deberá reunir os requisitos establecidos na normativa da UDC.

9.3. O centro, atendendo a criterios de programación docente, establecerá a realización das defensas dos TFG dentro dos prazos marcados no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

9.4. O peche e entrega das actas de avaliación dos TFG aterase ao previsto no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno da UDC.

10. CONSULTA E PUBLICACIÓN DOS TFG

10.1. A Comisión de Organización Académica seleccionará os traballos que serán publicados no Repositorio Institucional da UDC (RUC). Para isto, a administración do centro enviará unha copia en formato electrónico ao Servizo de Biblioteca.

9.2. No caso de que o(s) autor(es) do TFG non autorice(n) o depósito e a publicación deste no RUC, por razóns de confidencialidade entre outras, deberá(n) solicitálo previamente ante a Comisión de Organización Académica, que resolverá en cada caso.



ANEXO I:

SOLICITUDE DE ASIGNACIÓN DE TEMA E TITOR/A



TRABALLO FIN DE GRAO – Curso académico 20____-20____

D^a.....
con DNI..... Teléfono.....
Correo electrónico.....

SOLICITA:

A asignación de Titor e tema para a realización do TFG, por orde de preferencia nos seguintes temas ou liñas .

- Titor/ Tema/ liña 1º:
- Titor/ Tema/ liña 2º:
- Titor/ Tema/ liña 3º:

A Coruña, a.....de.....de 20....

**SR/A PRESIDENTE/A DA COMISIÓN DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DA ESCOLA
UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA**



ANEXO II:

FOLLA DE DOCUMENTACIÓN

TRABALLO FIN DE GRAO



FOLLA DE DOCUMENTACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO

Escola Universitaria de Enfermaría A Coruña. Grao en Enfermaría

Curso académico:

Solicitude de Defensa e avaliación: 1ª Oportunidade 2ª Oportunidade

DATOS DO ESTUDANTE:

Nome e apelidos:

DNI (ou pasaporte):

Enderezo postal:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

DATOS TITOR/ES:

Nome e apelidos:

DATOS DO TRABALLO FIN DE GRAO

Título do traballo (Galego):

Título do traballo (Castelán):

Título do traballo (Inglés):

Idioma en que está escrito o traballo:

Idioma usado para a defensa:

RESUMO (máximo 250 palabras, Arial 10, interliñado 1)

Asdo.: _____



ANEXO III:

PORTADA DO TRABALLO FIN DE GRAO



GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 20__-__

TRABALLO FIN DE GRAO

Título (Arial 18, negriña, minúsculas, interliñado 1,5)

Nome e apelidos (Arial 14, negriña, minúsculas)

Titor/es:

Presentación do traballo (mes/ano) (Arial 12, negriña, minúsculas)

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA A CORUÑA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA



ANEXO IV:

ACTA DA DEFENSA E AVALIACIÓN



TRABALLO FIN DE GRAO – Curso académico 20__-20__
ACTA DA DEFENSA E AVALIACIÓN

O Tribunal constituíuse ás _____ horas do día ____ / ____ / ____ cos seguintes membros:

Presidente/a: _____

Secretario/a: _____

Vogal 1º: _____

Suplente: _____

O Presidente inicia a sesión ás _____ horas para a avaliación do Traballo de Fin de Grao

Alumno/a:

Título do traballo de fin de grao :

O TRIBUNAL outorga a seguinte cualificación :

NUMÉRICA:	CUALITATIVA:
-----------	--------------

A Coruña, a ____ de _____ de 20__

O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogal 1º

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Selo da Escola Universitaria de Enfermaría



ANEXO V:

INSTRUCCIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO



INSTRUCCIÓNS PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE GRAO.

TRABALLO DE REVISIÓN BIBLIOGRÁFICA. APARTADOS:

1. RESUMO. Será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introducción, obxectivos, desenvolvemento, discusión, conclusións e palabras clave.
2. INTRODUCCIÓN: Presentará a problemática ou a necesidade do tema a revisar, os antecedentes e o estado actual do tema.
3. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS: Presentará os obxectivos da revisión.
4. DESENVOLVEMENTO Describirá as bases de datos e fontes documentais, as estratexias de busca (descritores e palabras claves) e os criterios de selección e valoración dos documentos seleccionados
5. . Presentará os aspectos mais salientables dos artigos revisados e unha síntese discutida e argumentada dos resultados.
6. DISCUSIÓN/ CONCLUSIÓN: Presentará as conclusións extraídas dos datos e artigos revisados, e a proposta de novas liñas de investigación, se proceder.
7. BIBLIOGRAFÍA: Presentará as referencias bibliográficas dos documentos utilizados segundo as indicacións da normativa Vancouver.

DESEÑO DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN. APARTADOS:

1. RESUMO. Será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introducción, obxectivos, metodoloxía, dificultades e limitacións do estudo, beneficios ou apartacións e palabras clave.
2. INTRODUCCIÓN: Presentará a problemática do tema de estudo, os antecedentes e o estado actual do tema.
3. DEFINICIÓN DE HIPÓTESE E OBXECTIVOS: Presentará de xeito claro e conciso a hipótese e os obxectivos de investigación, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. METODOLOXÍA: Describirá o tipo de deseño, ámbito del estudio, poboación /mostra del estudio (criterios de inclusión, criterios de exclusión), variables, ferramentas ou técnicas de recollida de datos, e as probas, procesos ou métodos de análise dos datos.
5. LIMITACIÓNS E BENEFICIOS: Describirá as posibles limitacións e beneficios que aportará o estudo.



6. **CRONOGRAMA:** Describirá de forma xeral o plan de traballo previsto para a realización do estudo.
7. **MEMORIA ECONÓMICA:** Describirá de forma xeral o presuposto necesario para a realización do proxecto.
8. **CONSIDERACIONES ÉTICAS:** Presentará os formularios que se requiran para levar a cabo o estudo nos que se incluírá a información esencial.
9. **BIBLIOGRAFÍA:** Presentará as referencias bibliográficas dos documentos utilizados segundo as indicacións da normativa Vancouver.

ESTUDO OU TRABALLO DE INVESTIGACIÓN. APARTADOS:

1. **RESUMO.** Será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introducción, obxectivos, metodoloxía, resultados, discusión e conclusións, e palabras clave.
2. **INTRODUCCIÓN:** Presentará a problemática do tema de estudo, os antecedentes e o estado actual do tema.
3. **DEFINICIÓN DE HIPÓTESE E OBXECTIVOS:** Presentará de xeito claro e conciso a hipótese e os obxectivos de investigación,, tendo en conta a relevancia para a enfermaría e a súa factibilidade.
4. **METODOLOXÍA:** Describirá o tipo de deseño, ámbito do estudo, poboación /mostra do estudo (criterios de inclusión, criterios de exclusión), variables, ferramentas ou técnicas de recollida de datos e as probas, procesos ou métodos de análise dos datos.
5. **RESULTADOS:** Presentará de xeito claro os resultados relativos ó problema de investigación. Poderá incluír táboas ou figuras para reproducir os resultados.
6. **DISCUSIÓN E CONCLUSIÓN:** Presentará a interpretación dos resultados e conclusións extraídas da análise dos mesmos.
7. **CONSIDERACIONES ÉTICAS:** Presentará a aprobación do Comité ético de Galicia para a realización do estudo.
8. **BIBLIOGRAFÍA:** Presentará as referencias bibliográficas dos documentos utilizados segundo as indicacións da normativa Vancouver.



ESTUDO DE CASO. APARTADOS:

1. **RESUMO.** Será informativo e estará estruturado segundo os seguintes apartados: Introducción, obxectivos, desenvolvemento, discusión e conclusións, e palabras clave.
2. **INTRODUCCIÓN, DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS:** Presentará elementos que contextualicen a situación clínica, problema de saúde ou terapéutica do caso ou do plano de cuidados estándar e a xustificación da elección (frecuencia, orixinalidade, gravidade, impacto socioeconómico, calidade de vida..) Definirá de xeito claro e conciso os obxectivos.
DESENVOLVEMENTO: Describirá o ámbito e o período onde se desenvolve o caso e explicará tanto as fontes como os instrumentos para a recolleita da información. A posible estrutura pode ser: valoración, diagnóstico e complicacións potenciais, planificación/ execución, avaliación dos resultados /seguimento.
3. **DISCUSIÓN E CONCLUSIÓN:** Presentará as cuestións relevantes acontecidas durante o proceso, a interpretación dos resultados e as implicacións para a práctica clínica, así como as posibles liñas de investigación futuras.
4. **CONSIDERACIONES ÉTICAS:** Garantirase a confidencialidade dos datos segundo contempla a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal.
5. **BIBLIOGRAFÍA:** Presentará as referencias bibliográficas dos documentos utilizados segundo as indicacións da normativa Vancouver.